



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO

**Setembro 2023**

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Setembro 2023

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes creceu en Galicia en setembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior un 3,2%, menos que no conxunto de España, 6,0%.
- Por produtos, as vendas en Alimentación aumentan un 1,8% e no Resto de produtos un 10,7%.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 6,2% en Galicia no mes de setembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España do 8,8%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 1,0% en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.
- A ocupación aumenta en trece comunidades autónomas.

### Índices de comercio polo miúdo a prezos constantes. Setembro 2023

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
	<b>Xeral</b>	109,0	3,2	3,7
	<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	109,0	5,4	4,9
	<b>Alimentación</b>	94,4	1,8	0,0
	<b>Resto</b>	123,9	10,7	11,1

## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta un 3,2% en Galicia en setembro de 2023 con respecto ao mesmo período do ano anterior e un 6,0% no conxunto de España.


O índice xeral sen estacións de servizo medra un 5,4% en Galicia e un 8,0% en España respecto a setembro de 2022. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta a facturación en Galicia un 1,8%, 1,2 puntos menos que no conxunto de España (3,0%).
- O Resto de produtos crece un 10,7% en Galicia e un 15,2% no conxunto do Estado.

Nos primeiros nove meses do ano, o índice xeral aumenta un 3,7% en Galicia e un 6,7% en España. Mantéñense as vendas en Alimentación, 0,0%, en Galicia e medran en España (1,3%); no Resto de produtos aumentan un 11,1% en Galicia e 16,1% en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 2,9%.

O gráfico mostra a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Comunitat Valenciana (9,1%) e Illes Balears (8,8%). Os menores crecementos rexístranse en Murcia (1,1%) e Castilla y León (1,2%).

### Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Setembro 2023

#### Taxas de variación en %



No que vai do ano, as taxas máis altas rexístranse en Illes Balears (11,4%) e Madrid (9,5%). As comunidades con menores crecementos son Castilla y León (2,1%), Murcia (2,7%) e Navarra (2,9%).

## 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 6,2% en Galicia no mes de setembro de 2023, e un 8,8% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 8,0% en Galicia e do 10,6% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un

12,1% e no Resto de produtos un 5,2%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 13,5% das vendas en Alimentación e do 8,4% no Resto de produtos.

Índices de comercio polo miúdo. Setembro 2023				
Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)		
		Interanual	No que vai de ano	
<b>Xeral</b>	134,9	6,2	6,4	
<b>Xeral sen estacións de servizo</b>	133,0	8,0	8,8	
<b>Alimentación</b>	128,4	12,1	12,1	
<b>Resto</b>	136,0	5,2	6,4	

No acumulado do ano, o índice xeral aumenta un 6,4% en Galicia e un 9,5% en España. As vendas en Alimentación aumentan un 12,1% en Galicia e un 13,6% en España. No Resto de produtos aumenta a facturación un 6,4% en Galicia e un 10,6% en España.

#### 4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 1,0% no mes de setembro en Galicia e do 1,8% no conxunto do Estado.

No que vai de ano, a ocupación aumenta un 1,1% en Galicia e un 1,8% en España.


#### 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en setembro en trece comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Illes Balears (4,7%) e Comunitat Valenciana (3,7%). A comunidade onde máis diminúe o persoal ocupado é La Rioja (-1,5%).

Nos nove primeiros meses do ano, a ocupación aumenta en todas as comunidades autónomas agás en Asturias (-1,6%). Illes Balears (4,7%) e Canarias (3,4%) presentan os maiores incrementos.

## Índice xeral de ocupación. Setembro 2023

### Taxas de variación en %



## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.
- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2021, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Setembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	134,9	6,2	6,4	109,0	3,2	3,7
Xeral sen estacións de servizo	133,0	8,0	8,8	109,0	5,4	4,9
Alimentación	128,4	12,1	12,1	94,4	1,8	0,0
Resto	136,0	5,2	6,4	123,9	10,7	11,1
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	135,2	8,8	9,5	109,5	6,0	6,7
Xeral sen estacións de servizo	133,4	10,6	11,9	109,9	8,3	8,0
Alimentación	141,2	13,5	13,6	103,9	3,0	1,3
Resto	127,5	8,4	10,6	117,8	15,2	16,1

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Setembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>						
<b>Xeral</b>	134,8	5,6	6,3	108,3	2,9	3,5
Xeral sen estacións de servizo	134,4	7,5	8,7	109,3	5,2	4,7
Alimentación	130,8	10,8	12,1	95,9	0,8	-0,1
Resto	136,4	5,4	6,2	123,5	10,7	10,8
<b>España</b>						
<b>Xeral</b>	138,7	8,7	9,5	112,4	6,5	6,6
Xeral sen estacións de servizo	138,1	11,0	11,7	112,9	8,6	7,8
Alimentación	144,1	14,1	13,4	105,1	2,6	1,2
Resto	133,6	9,0	10,3	123,6	15,9	15,7

Fonte: I.E.E. Elaboración propia a partir dos datos suministrados por I.N.E.



Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Setembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>135,2</b>	<b>8,8</b>	<b>9,5</b>	<b>109,5</b>	<b>6,0</b>	<b>6,7</b>
Andalucía	133,8	10,4	9,4	108,6	7,3	6,3
Aragón	126,7	3,9	5,4	102,5	1,9	3,5
Asturias	122,5	6,6	7,8	100,7	4,7	5,2
Balears, Illes	164,1	12,1	14,1	133,4	8,8	11,4
Canarias	128,6	10,5	13,1	104,3	6,2	8,2
Cantabria	130,7	7,9	8,6	104,8	4,2	5,3
Castilla y León	122,3	3,4	4,6	97,6	1,2	2,1
Castilla-La Mancha	137,2	9,1	8,4	108,6	6,3	5,8
Cataluña	126,4	9,7	10,0	101,7	7,2	7,5
Comunitat Valenciana	140,3	11,8	10,7	115,1	9,1	8,4
Extremadura	117,0	5,0	6,9	95,2	2,1	3,8
<b>GALICIA</b>	<b>134,9</b>	<b>6,2</b>	<b>6,4</b>	<b>109,0</b>	<b>3,2</b>	<b>3,7</b>
Madrid	156,7	9,1	12,3	127,9	6,6	9,5
Murcia, Región de	128,3	4,4	6,0	104,5	1,1	2,7
Navarra	128,1	5,6	5,7	102,4	3,3	2,9
País Vasco	122,9	6,3	7,1	99,2	3,7	4,3
Rioja, La	127,7	5,2	7,9	103,7	3,6	5,9
Ceuta	99,0	10,3	11,3	80,1	5,5	6,4
Melilla	86,2	4,6	7,3	68,5	-0,8	2,2

Fonte:INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Setembro 2023

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>Galicia</b>			
Xeral	107,8	1,0	1,1
Xeral sen estacións de servizo	107,2	0,9	1,1
<b>España</b>			
Xeral	108,0	1,8	1,8
Xeral sen estacións de servizo	107,9	1,8	1,8

Fonte:INE

**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas.  
Setembro 2023**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
<b>ESPAÑA</b>	<b>108,0</b>	<b>1,8</b>	<b>1,8</b>
Andalucía	105,8	1,1	1,3
Aragón	105,2	0,2	0,8
Asturias	102,9	-0,2	-1,6
Baleares, Illes	122,9	4,7	4,7
Canarias	108,4	2,6	3,4
Cantabria	107,0	2,5	0,8
Castilla y León	107,3	1,8	1,1
Castilla-La Mancha	106,8	2,1	1,9
Cataluña	106,6	2,4	2,7
Comunitat Valenciana	115,0	3,7	3,1
Extremadura	106,1	0,1	2,2
<b>GALICIA</b>	<b>107,8</b>	<b>1,0</b>	<b>1,1</b>
Madrid	108,3	1,7	0,8
Murcia	103,7	-0,1	-0,1
Navarra	103,7	-0,1	0,1
País Vasco	107,7	0,9	1,7
Rioja, La	106,2	-1,5	0,2
Ceuta	99,6	-1,5	-1,1
Melilla	100,1	-0,9	0,9

Fonte: INE